

VALORACIÓN II CONVENIO PDI LABORAL DE GALICIA

CCOO valoramos como un éxito a negociación deste segundo convenio colectivo. Galicia é unha das poucas comunidades nas que se acadaron negociar dous convenios colectivos para o PDIL. **CCOO** entendemos que isto é positivo porque en cada convenio *avánzanse* nas condicións laborais do colectivo afectado. **CCOO** podemos dicir que lideramos a negociación sendo *a central sindical que máis propostas conseguiu introducir*.

A negociación deste convenio colectivo foi moi longa e o acordo peligró polo Real decreto-lei 8/2010, de 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público.

O maior avance deste convenio foi o logro da reivindicación histórica de **CCOO** de incluír no ámbito deste convenio ao *persoal investigador e investigadores en formación*. Recordemos que **CCOO** quedámonos sós defendendo a inclusión deste persoal no primeiro convenio do PDI L. Rematouse así coa discriminación deste persoal que ata o momento non estaba regulado por ningún convenio colectivo. Este persoal vaise beneficiar de todos os aspectos comúns ás figuras do PDI, e se recoñecen os plenos dereitos de representación nas universidades, algo que debería ser obvio pola LOMLOU pero que este colectivo tivo que pelexar, en ocasións, nos tribunais.

Para **CCOO** o gran fracaso e decepción foi que, cando as universidades estaban dispostas, o resto de centrais sindicais opuxéronse a incluír no ámbito do convenio colectivo do PDIL aos traballadores contratados por obra e servizo que realicen tarefas de investigación contratados a cargos de proxectos ao amparo do art 48.1 da LOU. **CCOO** denunciámos que o resto de organizacións sindicais deixaron fora do convenio ao colectivo máis precario das nosas universidades, como xa fixeron cos investigadores no primeiro convenio. Se prospera o borrador do EPDI, polo menos este persoal terá un mínimo de regulación estatal, xa que isto en Galicia non foi posible.

Retribucións

- Nun momento de recortes nos salarios dos empregados públicos puideron arrancarse algunhas melloras retributivas.
- Para a figura de axudante conséguese unha suba dun 1%.
- Os salarios dos profesores axudantes doutor experimentarán unha suba de 2000 euros entre os anos 2009, 2010 e 2011. Isto supón case un 8% de suba respecto a 2009.
- Equipárase a *antigüidade para axudantes e colaboradores* á do PDIF. Isto quere dicir, que se recoñece o cobro da antigüidade nas administracións públicas e non só nas universidades de Galicia como ocorría ata agora. Elimínase así unha discriminación salarial inxustificada.
- Ábrese a porta á futura *carreira horizontal*.

Vacacións, permisos e licenzas

- Inclúese todo un *novo apartado* sobre “permisos e licenzas” non existente no convenio anterior. Mellóranse os supostos actuais contemplados no EBEP coas condicións recoñecidas na lei da función pública de Galicia. Este artigo vaise a aplicar ao PDI F mellorándolles a regulación actual.
- As vacacións quedan mellor reguladas.

Outros

- Recóllese a suspensión do cómputo da duración do contrato en casos de baixa por *maternidade* para as figuras non estables.
- Asegúrase a *máxima duración* inicial do contrato para o axudante.
- Prodúcese unha *homoxeneización* das condicións do PDI entre as tres universidades.

CCOO Ti gañas